

RELACIÓNS NOS ECOSISTEMAS

As relacións de alimentación non son as únicas que existen nos ecosistemas. Entre os seres vivos establécense outras relacións.

Escribe o tipo de relación ao que fai referencia cada un dos seguintes exemplos:

Relacións dentro da mesma especie.

Unha bandada de parrulos voan xuntos na súa ruta migratoria.



As parellas de pingüíns fanse cargo do coidado e da alimentación das crías.



Nun formigueiro uns individuos encárganse da procura de alimento e outros da construción e do mantemento das galerías.



Relacións entre distintas especies.

Un grupo de leóns e de hienas aliméntanse dos restos dun animal.



Os cangrexos ermitáns usan as cunchas de caracois mortos para se protexeren.



Unha ave aliméntase dos piollos e das pulgas dunha vaca, e así a vaca é liberada destes parasitos.



Unha poboación de carrachas aliméntase do sangue dun can.

